



Ourense 22 do febreiro 1970

Sr. Dn. Enrique Chao Espina
Na Cruña

Meu amigo: Tiven –e teño- moita angueira desque cheguei de Santiago, de xeito que aínda non tiven vagar pra subir a aldea. Moi importante e ben mechado de saber o estudo “Los tipos populares”. Compría facelo meirande, e establecer ben a psicología e ética de eles que son chave pra coñecer o XIX galego e outros tempos soio que de iles apenas fica memoria... Problema: ¿hai hoxe “tipos populares”? No senso decimonónico, non. O “tipo popular” non é posible dende a guerra civil e dende que a xente ten respecto a garda municipal. E graciñas pola adicatoria. Soio pondera ser mestre de... boa intención.

Estoume caindo de sono e xa non engado mais sobre o imprescible Antón.

Apertas. Sempre agradecido e vello amigo. B. A. M.


Ramón Otero Pedrayo

*

Non coñecín a Faraldo nin a Neira de Mosquera, mais sinto que o amor de Vilar Ponte era, aceso e melancólico, sol poente en longas alamedas do recordo, un amor romántico, sendo Antón un republicán –seus númenes Víctor Hugo, Carducci, Guerra Junqueiro na poesía- latexaba baixo a súa prosa crara, fina, as veces irónica, un fondo de sentimentalismo. Mais preto de Curros que de Pondal foi home de Espírito escolleito, de unha nativa elegancia nas letras. Coltivaba un escepticismo que lle impuña moitas obrigacións. Seus entusiasmos eran mais valiosos o non seren expresados con énfasis.

**


Tivo seu paramento por marzal –non lembro agora a data- pouco dinantes do Movemento Nacional. Sabíámolo moi decrebadiño, fumos de Ourense nun coche Vicente Risco, Alexandre Bóveda e mais eu. Había neve seródea nos altos de Dozón. Ibamos calados e tristesiros. En Santiago xuntóusenos un bon estudante Anxelo Ramos Pérez





Colemán + [finado] no frente de Zaragoza. Xa se sabe cando morreron os outros dous amigos de sorte ben diferente. Dos catro soio alento eu pola misericordia de Deus... O corpo entre blandós e unha garda de mulleres galeguistas xacía, entre moita xente, no baixo do Concello, onde se acostuma facer Exposicións. O enterro foi en silencio e fondo respecto, con inorme concurrencia que se ía sumando polas calles afluentes á Real e seguíu de a pé deica o Camposanto. Os de Ourense ibamos na Presidencia con Suárez Picallo, Castelao, Gómez Román e outros. Sen himnos nin verbas. Silenzo impresoante, e fermosa luz. Lembro o pasar diante Panadeiras na muralla de xente, unha señorita, elegante e esdenosa, que dixo de abondo ben outo pra que a sentíramos: -“¡Un republicano menos!”. Enterro civil. Na inhumación falou Picallo, algún mais e eu. Eu dixen que a Cruz aínda que non presente presidía aquíl enterro no Ceo azul e no curazón do querido mortíño. Había de arredar moitos socialistas. Ninguén chistou. Fúmonos retirando calados. Despois no café Galiza os Galeguistas celebramos unha xuntanza emozoante presididos por Gómez Román. Voltamos xa de noite a Ourense.

Eu tiña por Antón unha amizade chea de ternura porque dábame a impresión de morrer logo. En Madrid, dinante as Cortes, no Café Regina e nos salós de conversa do Congreso falabamos moito. Era pouco político fora do xornal. Podía facer un brindis, non unha conferencia como non fora lendo. No Congreso as poucas intervencións suas foron lidas. Tempos seu moi ledo foi o de Foz, na botica, con Noriega. Orgaizaban mil farras. Colleron un canciño de luxo de unha señorita e pintárono de moitas coores, os que pedían veneno pras ratas dábanlle unha especie de fariña que as engordaba e acrecía. Sabía moito de Cuba onde foi xornalista, pro o país lle non gustara. Tivo un duelo a sable, dixeron os padriños que podíanse descalzarse pra manexarse millor, Antón por ter furados os calcetís non o fixo e todo o asalto pensaba na vergonza de lle viran os calcetís si caía morto ou ferido. Non houbo ren. En Santiago, de estudante foi moi amigo do cadeirático Rivas Mateos e paresme que il infloíu no republicanismo de Antón. Era home de café e relaución, de conversa atraente e centileante poucas veces fora dun ton irónico






que facía o engado das tertulias. Teño mirado moita xente nas noites de vran no Relleno, en Madrid e en Recoletos, no café e no Congreso, pendentes da sua ponla ondeante, levián, carregada de intención xusticieira... Pro tamén as veces debruzábase en silencios fondos. Seu custante fumar, xesto canso, cabeleira de cinza gris, eran de home soio vencido pola doenza. Falando de Galiza tiña graves e curtos arrebatos líricos. Crítico admirable era temido pola Pardo Bazán. Non lle pracían comedelas nin farras: conversa e algunhas taciñas de café. Paraba en Madrid en Pensión mais ben barata, na calle de Fuencarral. Unha vez conseguíu do Goberno un aumento de soldo dos músicos militares. Istes agradecidos orgaizáronlle pé do balcón unha grande serenata ben logo volta en festa e baile deica a ialba. E Antón pasou noite negra abouxado polos trombós, bombo e bombardinos. Tampouco era un namorado da música –Con Noriega rifou pola conduta do poeta, que se deixou levar por Riguera Montero, nemigo dos Galeguistas. Mais no funfo queríanle e Noriega, en Trasalba falábame moito e sempre con honra e aprecio, de Antón... O ano do homenaxe a D. Marcelo e Mz Salazar na Cruña –debeu ser o 24- eu levei a Noriega a Santiago cuias lousas enxamais tiña calcado, e de alí a Cruña onde se fixo a reconciliación, Antón e Noriega abrazáronse con bágoas, e estiveron falando dos seus tempos vellos deica a mañán.

De ningún xeito. Nunca lle ouvín queixa da sua cidade. E tiña comigo inteira confianza. Gababa a beleza do Val de Froles, as viaxatas en barca polo Sandro en festas millores no seu sentir que a dos Caneiros betanceiros, dos traballos e honradeza do pai que era mestre de obras. Coñecía moi ben a obra de Pastor Díaz. É ben sabido que orgaizou o homenaxe do 1911. Pro onde millor se atopaba era na Cruña. Erguíase moi tardeiro e non tiña método ningún na sua laboura literaria e xornalística. Tiña fonda devoción pola tía, que foi como nai do Ramón e do cál falaba con verdadeiro amore.

*





Antón e mais amigos deica podernos entender a través de longos silenzos (Xa fican sinalados algúns recordos). Despois de unha das miñas defensas da Eirexa nas Cortes, Antón soio me dixo ó darme unha aperta: “¡Agora quedarán contentas as velliñas de Trasalba! Fixeches boa obra”. Cando lle decía “adeus” pra algunha viaxe sentindo seu feble corpo e agallopando corazón entre os meus brazos, eu non coutaba un sentimento de tenrura. A xente que o coñecía soio pola tona tíñalle medo polo seu Espírito epigramático. Si chegaba a coñecelo amabao polo grande corazón. A editorial “Nós” tiña disposto case unha antoloxía de artigos de Antón. Fíxose propaganda en follas e artigos. Unha das ilusiós suas era o teatro. Coñecía a técnica do drama. Traballou no “Mariscal” con verdadeiro tino e emoción... Lembro as suas moradías na Cruña, en pisitos ateigados de libros. Deixaba tardeiro o leito... Na súa de redacción, na sua dereuta xa perto da mañán seu Espírito centellaba.

